

AUDIOVISUAL	A enerxía que move a miña cidade
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Adaptar os nosos hábitos de consumo cara a un aforro enerxético eficaz.</li> <li>· Valorar as diferentes formas de produción de enerxía a partir dos recursos naturais e as súas consecuencias ambientais.</li> <li>· Analizar a situación actual na Coruña dos recursos enerxéticos e a súa evolución.</li> </ul>
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Concepto de enerxía.</li> <li>· Tipos de enerxía. Enerxía renovable e non renovable</li> <li>· Usos da enerxía.</li> <li>· Consecuencias do dispendio enerxético.</li> </ul>
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Neste audiovisual coñeceremos cales son as principais enerxías que moven o diario desenvolvemento da nosa cidade. Imos comprobar que, por desgraza, son as mesmas que o fan para a maioría dos nosos veciños europeos. É infinito o acceso a estes recursos? Aproveitaremos para coñecer iniciativas cidadás (de dependencias administrativas), persoais ou familiares que loitan contra corrente e decidiron que o seu é ver o mundo con enerxías renovadas e renovables.
Recursos necesarios	Charla- coloquio apoiada dun audiovisual.
AUDIOVISUAL	Coruña contra o cambio climático
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Dar a coñecer os distintos aspectos do cambio climático.</li> <li>· Motivar ao alumnado a implicarse na resolución da problemática do cambio climático.</li> <li>· Dar a coñecer o traballo do Concello da Coruña fronte ao Cambio Climático.</li> </ul>
Contidos	O cambio climático está en boca de todos. Pero, é realmente tan relevante? O aumento de apenas dous graos de temperatura planetaria de media non parece que sexa un inconveniente nas nosas latitudes pero... éo! E imos comprobar con distintas evidencias que este tema debe de inquietarnos moito. É preciso que nos impliquemos!
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Vídeos, infografía, natureza, catástrofes, cambio de hábitos, historia, presente..., a través dun audiovisual comentado conduciranos nun túnel do tempo e nas consecuencias da acción humana sobre o clima.
Recursos necesarios	Charla- coloquio apoiada dun audiovisual.

TALLER	Xogo: Avanzando coas enerxías renovables
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Adaptar os nosos hábitos de consumo cara a un aforro enerxético eficaz.</li> <li>· Valorar as diferentes formas de produción de enerxía a partir dos recursos naturais e as súas consecuencias ambientais.</li> <li>· Analizar a situación actual na Coruña dos recursos enerxéticos e a súa evolución.</li> </ul>
Contidos	Poden servir as enerxías renovables de veras a operar un cambio sobre os nosos hábitos? Son impagables? Teñen aínda baixos rendementos?
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Dividindo a aula en grupos imos desenvolver diferentes roles e personaxes para cada un deles. Representarán distintas enerxías e coñeceremos as súas potencialidades e os seus inconvenientes.
Recursos necesarios	Taboleiro de xogos, roles dos distintos grupos, cuestionarios, elementos para a exposición motivada en grupo, etc.
TALLER	Taller de investigación: A miña proposta contra o cambio climático
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Coñecer a realidade acerca do cambio climático.</li> <li>· Coñecer a influencia sobre os ecosistemas e os ambientes humanos.</li> <li>· Coñecer que evidencias son incontestables acerca destes cambios que se están a producir.</li> <li>· Investigar quen está a producir o cambio climático?</li> <li>· Coñecer quen é as autoridades mundiais á fronte das estratexias contra este cambio.</li> </ul>
Contidos	Evidencias incontestables confirman que a Terra vive un momento de quentamento global. Dirixentes mundiais, científicos e activistas propoñen e loitan contra esta evolución que parece imparable. Non obstante, algunhas luces parecen iluminar algo o camiño e facernos concibir certas esperanzas...Na aula imos desenvolver un xogo de roll que nos permita botar unhas conclusións finais, unhas reflexións conxuntas acerca dos nosos hábitos e un propósito de emenda. Ao concluír o xogo, que dividirá á aula en distintos actores que escenifican papeis diferentes no cambio climático, deberemos ter claro que imos facer en diante para cambiar e mellorar a nosa pegada ecolóxica sobre o Planeta e a súa perniciosa contribución ao aumento global da temperatura.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Evidencias incontestables confirman que a Terra vive un momento de quentamento global. Dirixentes mundiais, científicos e activistas propoñen e loitan contra esta evolución que parece imparable. Non obstante, algunhas luces parecen iluminar algo o camiño e facernos concibir certas esperanzas... Na aula imos desenvolver un xogo de roll que nos permita botar unhas conclusións finais, unhas reflexións conxuntas acerca dos nosos hábitos e un propósito de emenda. Ao concluír o xogo, que dividirá á aula en distintos actores que escenifican papeis diferentes no cambio climático, deberemos ter claro que imos facer en diante para cambiar e mellorar a nosa pegada ecolóxica sobre o Planeta e a súa perniciosa contribución ao aumento global da temperatura.
Recursos necesarios	Aula, proxectos, <i>atrezzo</i> para os distintos roles de personaxes, cartolinas onde gravar os propósitos futuros, etc.

VISITA	Planta de Coxeración de Bens
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Coñecer un espazo cívico gañado pola cidade despois do selado dun vertedoiro</li> <li>· As tarefas de acondicionamento e selado da zona realizadas hai anos</li> <li>· Coñecer as oportunidades de coxeración enerxética a partir dos residuos confinados</li> <li>· Descubrir que outras enerxías temos visibles dende esta atalaia da cidade e que supoñen nos nosos hábitos diarios...</li> <li>· A derruba do vertedoiro e o seu confinamento.</li> <li>· As enerxías renovables e o resto de enerxías que chegan á nosa cidade, visibles dende esta atalaia.</li> <li>· A coxeración eléctrica a partir dos lixos botados ao vertedoiro municipal durante décadas.</li> </ul>
Contidos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Coñecer un espazo cívico gañado pola cidade despois do selado dun vertedoiro</li> <li>· As tarefas de acondicionamento e selado da zona realizadas hai anos</li> <li>· Coñecer as oportunidades de coxeración enerxética a partir dos residuos confinados</li> <li>· Descubrir que outras enerxías temos visibles dende esta atalaia da cidade e que supoñen nos nosos hábitos diarios...</li> <li>· A derruba do vertedoiro e o seu confinamento.</li> <li>· As enerxías renovables e o resto de enerxías que chegan á nosa cidade, visibles dende esta atalaia.</li> <li>· A coxeración eléctrica a partir dos lixos botados ao vertedoiro municipal durante décadas.</li> </ul>
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	A actividade desenvólvese fundamentalmente no Parque de Bens. Neste parque pódense ver nun reducido espazo distintas fontes de enerxía. Dividiremos aos grupos para realizar unha xincana en busca destas enerxías. Ao final, realizaremos unha posta en común. A visita péchase accedendo á planta de coxeración de Bens onde aínda hoxe se xera enerxía a partir dos residuos procedentes do selado do vello recolledor de lixo municipal.
Recursos necesarios	Materiais didácticos sobre as enerxías que servirán de apoio á visita.

VISITA	Prototipo vivenda eficiente (casa de palla no IES SOMESO)
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Mostrar un exemplo de vivenda eficiente enerxéticamente</li> <li>· Coñecer materiais de construción distintos dos habituais</li> </ul>
Contidos	Materiais de construción eficientes. Eficiencia da construción dunha vivenda. Aproveitamento de recursos de materiais de construción de proximidade.
Desenvolvemento da actividade e metodoloxía	Achegámonos en autobús ata o CIFP SOMESO e tanto no exterior como no interior da casa facemos un percorrido para falar dos materiais, forma de construción, valores da vivenda respecto á eficiencia enerxética, etc. O alumnado pode comprobar en primeira persoa o comfortable da casa e as distintas opcións de revestimentos e acabados.
Recursos necesarios	Mostras de materiais, imaxes do proceso de construción